

POEMARIO SENLLEIRO

MORRIÑAS LONXANAS

Ondas bravas, baten e baten
cada vez máis e máis forte,
deixando un rastro de espuma e morriña,
vindas doutro lado do mar.

Lonxe, moi lonxe,
case no nacente do sol,
vaise indo aquela lembranza,
do tempo no que o carballo vello naceu,
naquel tempo,
no que tiven morriña de ti.

NAI

Nos primeiros de outono,
van caendo...,
desprendéndose de aquela
coa que tantos tempos felices pasaron,
non poden quedar,
logo terán que marchar.

Pobre, pobriña ela,
nai que os criou,
pasa un inverno de soidade.

Mais cando os primeiros raios de primavera entran polas ventás,
a pobre, pobriña nai,
volve rexenerar eses filliños
que nos seus brazos vai arrolar...
Eses que van agromar,
e logo voltarán marchar!

HISTORIAS DE MAIORES

Non me contes máis historias!

Ben sabes que xa son maior...

Esas lerias xa non se me acomodan.

Ou é que non lembras?

Se me estiro un chisco chego ás pólas das árbores,
e consigo tocar as flores.

Agora podo ir pola rúa camiñando eu soa,
si, eu soa, sen xente que me dea a man.

E agora tamén teño amigos,

mmm...especiais, si,

e que os pais non deben saber deles.

En fin...Que eses contos quedáronme pequenos,

agora leo cousas de maiores,

como historias románticas....

Ei!!

Que fas??

Esquecíche do meu bico de boas noites!

UN MUNDO...

Teño un horario, nun mundo que non ten tempo,
un mundo tan grande coma un elefante,
pero ao mesmo tempo, se te fixas ben,
é tan pequeno como unha formiga.

Un mundo no que ninguén le,
pero no que hai moitos libros.

Un mundo con armas,
pero no que os bolígrafos non están permitidos.

Un mundo que prospera, pero que ao mesmo tempo segue igual.

Un mundo carente,
pero no que ao mesmo tempo ti sobras.

Dime ti,
existe un mundo máis perfecto?

AS NOSAS CINZAS

Nun polígono olvidado,
agroman as xestas,
medran e medran,
inmensas.

Mais un día,
alguén con cara descoñecida
prende un lume enxoiro,
e pouco a pouco expandiuse,
como as folerpas de neve nun día frío de inverno,
deixándoo todo cheo de cinza,
a nosa cinza.